



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA TRINTA E UN DE MAIO DE 2012, CON CARÁCTER ORDINARIO**

**SRES. ASISTENTES:**

Presidente: D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO  
Concelleiros D. MANUEL COSTA CARNEIRO  
D<sup>a</sup>. MARGARITA DEVESA CARDELLE  
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN  
D<sup>a</sup>. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS  
D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ  
D. ODÓN C. COBAS GARCÍA  
D<sup>a</sup>. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO  
D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ  
D. JORGE CERDEIRA LOURO  
D<sup>a</sup>. BEATRIZ AMENAL JUNQUERA  
D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ  
D. JOSÉ ALVELA EDREIRA

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día trinta e un de maio de dous mil doce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA**

**1º.- Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores (26/04/2012 e 11/05/2012)**

Dáse conta das actas das sesións celebradas os días vinte e seis de abril e once de maio do ano que andamos, que se aproban por unanimidade.

**2º.- Acordo, se procede, sobre modificación da ordenanza fiscal nº 10 reguladora da taxa pola utilización do pavillón municipal de Vedra.**

A Presidencia di que se todos os grupos están de acordo poden debaterse as tres ordenanzas conxuntamente.

De seguido dáse conta do informe da Comisión Informativa de Economía e Especial de Contas do día vinte e nove de maio que di o seguinte:

“Proponse modificar a ordenanza fiscal nº 10 reguladora da taxa pola utilización do pavillón municipal, no seu artigo 4º.- Cota tributaria e tarifas, que quedaría redactado do seguinte xeito:



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



	Prezo/hora	Bono anual
<i>Veciños cun mínimo dun ano de antigüidade no padrón e colectivos do Concello</i>	10 euros	350 euros
<i>Persoas e colectivos de fóra do Concello</i>	20 euros	1000 euros
Utilización do pavillón como albergue	5 euros persoa/noite	

<i>Asistentes a escolas deportivas organizadas polo Concello</i>	<i>1ª actividade</i>	Prezo segundo nova ordenanza
	<i>2ª actividade</i>	Prezo segundo nova ordenanza
<i>Competicións deportivas (non organizadas polo Concello) sen entrada libre</i>		30
<i>Espectáculos non deportivos que non organice o Concello</i>		50
<i>Actividades adultos</i>		20
<i>Actividades infantís</i>		10

Intervén a Presidencia e expón que a modificación destas tres ordenanzas vén motivada basicamente polo plan de axuste aprobado polo pleno da corporación, no que se comprometeron que nas actividades deportivas se chegaría a cubrir o 35% do seu custo, e dende o equipo de goberno se reconece que coas subidas e cos usuarios actuais non se chegaría a esa porcentaxe, quedaría entorno ao 25%, porque como xa dixo en ocasións o esforzo ten que ser repartido e compartido e asumible pola cidadanía, e a idea para chegar á porcentaxe establecida do 35% é seguir axustando gastos en relación con eses servizos e promovendo as actividades para que participen nas mesmas máis usuarios, tendo sempre en conta as exencións de tipo social para veciños sen recursos suficientes que poidan verse privados de participar nas actividades deportivas.

En relación coa ordenanza fiscal nº 10 reguladora da utilización do pavillón municipal, sinala que o prezo pasa de 5-10 euros a 10-20 euros/hora se é veciño ou non e en canto aos bonos establécese un importe de 350 euros/anual para os veciños e colectivos de Vedra e 1000 euros para os residentes de fóra do concello, que xa non existen realmente, introducindo como tamén recollen os concellos situados ao carón do Camiño de Santiago unha taxa pola utilización do pavillón municipal como albergue de 5 euros persoa/noite.

Polo que respecta a ordenanza fiscal nº 14 reguladora da taxa por servizos culturais e deportivos, di que o incremento é maior tendo en conta que os prezos eran moi baixos, facendo sempre a diferenza na que todos os grupos estaban de acordo, entre os veciños cun ano de antigüidade no padrón municipal de habitantes e o resto, facendo a continuación un repaso de todos os prezos e poñendo como exemplo unha familia que con dous fillos/as que participen en catro escolas deportivas pagarán en total por toda a tempada un importe de 112,00 euros, que considera perfectamente asumible.

Sinala tamén que o tema das exencións e bonificacións xa está contemplado no artigo 5 da ordenanza, que garante que ningunha persoa sen recursos quede privada da práctica do deporte, entendendo que sería interesante neste tema contar cun regulamento interno no que os servizos sociais definan cales deben ser os criterios que permitan a exención total ou parcial da taxa.

Di ademais que nesta modificación se actualiza tamén o prezo dos campamentos.



Con respecto á ordenanza fiscal nº 19 reguladora da taxa pola prestación do servizo da piscina municipal, que é a máis actual pois dentro duns días abrirá as súas portas para beneficio dos veciños, expón que a modificación non vai supor un incremento importante na recadación, pero si é unha declaración de intencións de que hai que actualizala, quedando na comisión informativa pendente o tema dos cursos de natación, que logo da reunión mantida co responsable da empresa adjudicataria do servizo, e dado que todos os participantes nos cursos eran xa abonados, considerouse importante eliminar a matrícula establecida e fixar como requisito imprescindible estar abonado, onde xa se distingue entre empadroados cun mínimo de un ano de antigüidade e os restantes, fixando para este caso un importe de 80,00 euros para o abono individual.

En canto ás exencións tamén se propón incluír un apartado igual ao establecido na ordenanza fiscal por servizos culturais e deportivos.

Por último di que espera que exista un consenso entre todos os grupos na aprobación destas ordenanzas.

Dona Lucía González do PSdG-PSOE pregunta a que instalacións novas se refiren ao tratar o tema do ximnasio municipal e cando van estar dispoñibles, contestándolle a Presidencia que se establece unha taxa de 12,00 euros/mes ou 120,00 euros/ano, e que a idea é aproveitar o pavillón que temos para buscar unha nova situación para o ximnasio e mellorar o seu equipamento, sen que supoña un custo excesivo para o concello a través das negociacións coa empresa que vaia a xestionar o pavillón, co que se pretende que exista un incremento importante de usuarios do mesmo, considerando que pode estar funcionando para a nova tempada.

A Presidencia á pregunta da mesma concelleira sobre do equipamento do ximnasio, di que á espera da adjudicación do contrato, que a idea é que a obra civil sexa por conta do concello e que o contratista se faga cargo do equipamento, e que en principio se licitará proximamente o concurso de cara ao curso.

De seguido dona Lucía González di que no apartado 4.6 cando se fala de entrada a espectáculos, obras de teatro, ...etcétera, quizais será conveniente definir se está a falar de teatro profesional ou afeccionado, sinalando a Presidencia que este apartado non se modificou, pero que pola súa parte non existe inconveniente en modificalo.

Tamén sinala a mesma concelleira que no artigo 5.3. que establece “cando por causas non imputables ao obrigado ao pagamento da taxa, non se preste o servizo, procederá a devolución do importe correspondente”, que tamén sería conveniente matizalo, pois non é o mesmo que sexa a principios ou a mediados do curso, contestando a Presidencia que os regulamentos tampouco poden recoller todas as situacións que se poidan presentar, que poden ser múltiples ou variadas.

A Presidencia tamén matiza que na ordenanza da piscina se mantén o período de 15 de xuño ao 15 de setembro, se ben este ano abrirá dende o 22-23 de xuño ao 8-9 de setembro.

Dona Lucía González tamén sinala que na ordenanza do pavillón se deberían actualizar os prezos no caso de “competicións deportivas non organizadas polo concello sen entrada libre”, que estaba fixado en 30,00 euros, contestando a Presidencia que está de acordo en duplicalos, aínda que realmente non existen na actualidade.

Por último a citada concelleira di que no artigo 5.3 da ordenanza do pavillón, que establece as exencións e bonificación para actividades de colectivos especiais, se deberían definir cales son estes colectivos, matizando a Presidencia que se refire a colectivos con minusvalías e outros e que por parte do equipo de goberno non existe ningún inconveniente en incluír as modificacións propostas pola voceira do Grupo Socialista.



O Sr. Pose do BNG expón que os prezos propostos son razoables, pero isto é consecuencia do famoso plan de axuste, pois como conseguimos que un concello que paga a 6 meses, un tempo razoable, que ten unha débeda razoable, teña que reducir o déficit sexa como sexa, pois a través dun decreto, que nos obriga a pagar a toda velocidade a través dun crédito ICO, que obriga a unha redución do 10% en persoal do concello e subir os impostos e taxas.

Di ademais que o BNG entende que o concello é sostible, sen embargo é a primeira vez que se diferencia entre empadroados ou non, se o concello achega o 70% do custo do servizo e sempre que se garanta que as persoas sen recursos económicos, e tendo en conta que non son servizos básicos e advertindo que isto é consecuencia dun plan de axuste que non se tiña que ter aprobado, o BNG vai absterse na votación.

O Sr. Alvela de TEGA expón que vai absterse na votación e di que a regulación das taxas parece nestes momentos medianamente xusto no sentido de que se está a falar de cubrir só un 30% do custo do servizo, e que o importante sería controlar o gasto das actividades pois así a porcentaxe que cubre a taxa poder ser máis ou menos, manifestando que hai que seguir pola liña de recortes de gastos porque pódense subvencionar outras cousas sen ter que meterse a axustar as taxas.

Por último fai só dúas matizacións falando do tema do pavillón, que os petos que se lle prestan aos equipos que usan o pavillón que nunca se lavaron e que dote dunha caixa de emerxencias ao mesmo, contestándolle a Presidencia que xa se dotou ao pavillón da correspondente caixa de emerxencias; e en canto aos petos que os equipos teñen que levar o material, outra cousa é que por cortesía llo deixen alí aos que o esqueceron.

Dona Lucía González di que se os grupos están de acordo en incluír as matizacións propostas polo seu grupo, e no apartado 5.3 da ordenanza do pavillón definir como colectivos especiais “colectivos de especial vulnerabilidade”, que o grupo socialista se absterá na votación.

Posta a votación a modificación da ordenanza fiscal nº 10 reguladora da taxa pola utilización do pavillón, apróbase con seis votos a favor do PP, e sete abstencións do PSdG-PSOE, BNG e TEGA.

### **3º.- Acordo, se procede, sobre modificación da ordenanza fiscal nº 14 reguladora da taxa por servizos culturais e deportivos.**

Dáse conta do informe da Comisión Informativa de Economía e Especial de Contas do día vinte e nove de maio que di o seguinte:

“Propónse modificar a ordenanza fiscal nº 14 reguladora da taxa por servizos culturais e deportivos, no seu artigo 4º.- Tarifas, que quedaría redactado do seguinte xeito:

“Artigo 4.º -Tarifas.

A taxa que se debe pagar ao Concello polos servizos deportivos e culturais municipais, cinguirase ás seguintes tarifas:



#### 4.1. Escolas deportivas

4.1.1.- Participantes empadroados no Concello de Vedra cunha antigüidade mínima dun ano ou matriculados en calquera dos centros escolares do termo municipal:

a) Cando o solicitante sexa maior de 18 anos, 80 euros por tempada ou 40 euros/cuadrimestre.

b) Cando o solicitante sexa menor de 18 anos, 50 euros por tempada ou 25 euros/cuadrimestre.

O segundo membro da unidade familiar menor de 18 anos pagará o 50 por cento do primeiro.

O terceiro e restantes membros da unidade familiar menores de 18 anos pagarán o 25 por cento do primeiro.

Os matriculados nunha segunda ou posterior escola deportiva dá dereito a unha bonificación na tarifa do 50%.

4.1.2 .- O resto dos participantes nas escolas deportivas: o dobre da cantidade estipulada na liña anterior.

#### 4.2.- Ximnasio municipal.

4.2.1- Usuarios empadroados no Concello de Vedra cunha antigüidade mínima dun ano.

O importe a satisfacer polos usuarios do ximnasio será de 12,00 euros/mes ou 120,00 euros/ano.

4.2.2.- Os restantes usuarios deberán satisfacer o dobre da cantidade establecida na liña anterior.

Estas tarifas serán esixibles dende o momento en que estean a disposición dos usuarios as novas instalacións.

#### 4.3 Cursos e obradoiros organizados polo Concello:

O prezo das matrículas cubrirá o 100% do custo total do curso ou actividade, segundo o estudio de custos presentado polo Departamento de Cultura na súa proposta, correspondéndolle á Xunta de Goberno Local a aprobación individualizada de cada prezo á vista da proposta presentada.

En todo caso, o segundo membro da unidade familiar menor de 18 anos pagará o 50 por cento do primeiro.

O terceiro e restantes membros da unidade familiar menores de 18 anos pagarán o 25 por cento do primeiro.

#### 4.4 Viaxes organizadas polo Concello:

O prezo será fixado pola Xunta de Goberno Local de xeito que, polo número dos solicitantes, se cubra o custe total do mesmo. Sen embargo, cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, debidamente acreditadas mediante informe técnico dos servizos correspondentes, a Xunta de Goberno Local poderá fixar un prezo que non cubra o custe do mesmo, sempre que nos orzamentos exista consignación orzamentaria para a cobertura da diferenza existente.



4.5. Campamentos urbanos e semellantes.

- a) Cando a duración sexa inferior a 20 horas: 0,50 euros/hora.
- b) Cando a duración sexa superior a 20 horas: 0,40 euros/hora.

4.6. Entrada a espectáculos, obras de teatro profesionais, actuacións musicais profesionais e semellantes nos centros socio culturais, organizados polo Concello:

- a) Cando o solicitante sexa maior de 18 anos: 2 euros.
- b) Cando o solicitante sexa menor de 18 anos: 1 euro.”

Posta a votación a citada proposta, apróbase con seis votos a favor do PP, e sete abstencións do PSdG-PSOE, BNG e TEGA.

**4º.- Acordo, se procede, sobre modificación da ordenanza fiscal nº 19 reguladora da taxa pola prestación do servizo da piscina municipal.**

Dáse conta da seguinte proposta:

“Modificar a ordenanza fiscal nº 19 reguladora da taxa pola prestación do servizo da piscina municipal, no seu artigo 5.- Cota tributaria, e Artigo 6.- Exencións e bonificacións, que quedarían redactados do seguinte xeito:

“Artigo 5º.- Cota tributaria

A cota tributaria será a que resulte de aplicar as seguintes tarifas:

Epígrafe 1º.- Piscina.

*I) Non abonado: Por entrada diaria de cada persoa.*

-Ata 6 anos de idade.

Empadroados no concello cun mínimo dun ano de antigüidade: 0 euros.

Restantes:1 euro.

-Maiores de 65 anos co carné da 3ª idade.

Empadroados no concello cun mínimo dun ano de antigüidade: 1 euro.

Restantes:2 euros.

-Menores de 14 anos.

Empadroados no concello cun mínimo dun ano de antigüidade: 1 euro.

Restantes:2 euros.

-Maiores de 14 anos.

Empadroados no concello cun mínimo dun ano de antigüidade: 2 euros.

Restantes:3 euros.

*II) Bonos*

Empadroados no concello cun mínimo dun ano de antigüidade:

-Menores de 14 anos:

-Bono de 12 baños: 6,00 euros.

-Bono de 20 baños: 8,00 euros.



- Maiores de 14 anos:
  - Bono de 12 baños: 10,00 euros.
  - Bono de 20 baños: 15,00 euros.

Restantes:

- Menores de 14 anos:
  - Bono de 12 baños: 12,00 euros.
  - Bono de 20 baños: 16,00 euros.
- Maiores de 14 anos:
  - Bono de 12 baños: 20,00 euros
  - Bono de 20 baños: 30,00 euros

### III) Abono familiar:

Empadroados no concello cun mínimo dun ano de antigüidade:

- Por toda a tempada: 36,00 euros.

Restantes:

- Por toda a tempada: 100,00 euros.

Enténdese por abono familiar o titular, cónxuxe e fillos menores de 14 anos.

### IV) Abono individual

Empadroados no concello cun mínimo dun ano de antigüidade: 30,00 euros.

Restantes: 80,00 euros

### V) Cursos de natación (é obrigatorio estar abonado)

Cursos en xeral, ata un máximo de 2 días á semana:

- Menores de 14 anos: 7 euros.
- Maiores de 14 anos: 13 euros.

### Artigo 6º.- Exencións e bonificacións

6.1.- Estará exenta de pago desta taxa a utilización con motivo da realización de actividades organizadas por iniciativa do concello ou patrocinadas polo mesmo.

6.2.- Os mozos que acrediten estar en posesión do carné xove terán un desconto do 25%.

6.3.- En casos excepcionais a Xunta de Goberno Local, previo informe dos servizos sociais, poderá acordar a exención total ou parcial das tarifas expostas.”

Posta a votación a citada proposta, apróbase con seis votos a favor do PP, e sete abstencións do PSdG-PSOE, BNG e TEGA.

### **5º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG para o fomento da contratación das empresas do Concello de Vedra**

Dáse conta do informe da Comisión Informativa de Asuntos Xerais do día vinte e nove de maio que di o seguinte:





“Dáse conta da moción presentada polo BNG na que se expón que ante a actual crise económica, a necesidade do concello de realizar periodicamente contratacións de empresas, observando os problemas crecentes das empresas de Vedra, o crecemento do paro no noso concello, e tendo en conta as promesas electorais do Grupo Municipal do PP e en coherencia co programa presentado polo BNG nas pasadas eleccións municipais,

Solicita o apoio do pleno para acadar o seguinte acordo:

1º.- O Pleno do Concello de Vedra insta ao goberno municipal a intentar non realizar ningunha contratación fóra do concello, que poida ser realizada por unha empresa asentada no mesmo.

2º.- Da mesma maneira, cando se trate dun presuposto inferior aos 30.000 euros (é dicir, sen obriga de concurso público .....) solicítase que se garanta que todas as empresas de Vedra que poidan prestar os servizos a contratar sexan advertidas e consultadas e que no caso de concorrer varias empresas/autónomos, ..etcétera de Vedra, sen existir grandes diferenzas nas ofertas, se proceda á realización de acordos coa finalidade de repartir o traballo e o presuposto dispoñible.

3º.- A tal fin, solicítase que, en consulta cos servizos técnicos do concello, busquen os mecanismos adecuados para acadar o anterior obxectivo, adecuándose á lexislación.

4º.- Finalmente, solicítase que o Alcalde consulte con todos os partidos representados no pleno as medidas deseñadas, que estas sexan na medida do posible por consenso, e á maior brevidade posible.

Tras o conseguente debate considérase crear unha base de datos a fin de que as empresas se dean de alta nos sectores concretos aos que pertencen para seren informadas das convocatorias, e suprímese no apartado 2 do acordo dende “ e que no caso.....presuposto dispoñible”.

O Sr. Pose do BNG expón que é o segundo intento de sacar este tema adiante, xa que a primeira vez existía algún trazo de ilegalidade, e nesta segunda parece que hai máis consenso.

Di que xa se falou antes de que o Concello de Vedra traballara con cartos que o Estado nos achega, e na situación na que nos atopamos o BNG cre razoable que dalgún xeito se articule un mecanismo que permita que eses recursos queden en Vedra, é o mesmo razoamento que no caso do pavillón, onde se priman aos que están empadroados no concello, sinalando que en canto a suprimir o parágrafo no apartado 2º, que pola súa parte non hai ningún problema, o importante é que se cree o mecanismo, é dicir, ten que ser unha base de datos na que os propios interesados de xeito voluntario se inscriban, ten que articularse correctamente, separados por oficios para que non exista ningún problema, e que se lles advirta, dado que non pode facerse doutra maneira, que o concello vai facer un gasto animándoos a que participen no concurso.

Tamén di que como xa se falou na comisión informativa, o grupo de goberno de xeito periódico ten que dar conta das adxudicacións que se fagan a través de este mecanismo.

Don Rogelio Lema do PP di que este é un tema na que estaban de acordo, pero que a primeira vez coa redacción coa que se presentou existían algúns problemas de ilegalidade, agradecéndolle que o volva a presentar, e que na comisión informativa se chegou a un acordo de consenso entre todos os grupos, aínda que na actualidade xa se está a facer deste xeito, que di o seguinte:





1º.- O Pleno do Concello de Vedra insta ao goberno municipal a intentar non realizar ningunha contratación fóra do concello, que poida ser realizada por unha empresa asentada no mesmo.

2º.- Da mesma maneira, cando se trate dun presuposto inferior aos 30.000 euros (é dicir, sen obrigación de concurso público ) solicítase que se garanta que todas as empresas de Vedra que poidan prestar os servizos a contratar sexan advertidas e consultadas para o que o Concello de Vedra dotarase dunha base de datos de profesionais e empresas, con definición de actividades, á que se poderán incorporar aqueles profesionais e empresas que o desexen, para ser informados destes procedementos de contratación. Á elaboración desta base de datos daráselle publicidade no Boletín do Concello así como na súa páxina web.

Así mesmo fomentárase o acordo entre empresas na adxudicación de contratos do Concello.

3º.- A tal fin os Servizos técnicos do concello buscarán os mecanismos adecuados para acadar os anteriores obxectivos adecuándose á lexislación vixente.

4º.- O Alcalde consultará con todos os partidos representados no pleno as medidas deseñadas e que sexan na medida do posible á maior brevidade posible.

Dona Lucía González do PSdG-PSOE di que eses acordos foron tomados na comisión informativa, solicitando da Presidencia que se o Sr. Secretario emite informe sobre estes acordos, sobre da súa legalidade e cumprimento da lexislación de contratos, e con ese visto e prace do asesor legal, o seu grupo votará a favor.

A Presidencia di que precisamente por ese motivo se suprimiu algún texto da moción orixinal e se presenta a moción conxunta, manifestando a voceira do PSdG-PSOE que se solicite o informe para poder dispor de todas as garantías legais.

O Sr. Pose di que co punto 3º xa se deixa nas mans dos servizos técnicos o desenvolvemento desta iniciativa, preguntándolle ao Sr. Secretario se é imprescindible sacar no punto 2º cando se fala dunha base de datos de profesionais e empresas a mención de “radicadas en Vedra”, porque á idea é precisamente facer unha base de datos de empresas e profesionais de Vedra.

Intervén o Sr. Secretario e di que se ten que emitir un informe a responsabilidade é del, e di que as empresas que se consultan son as indicadas polo Alcalde ou concelleiro delegado, e non polos técnicos.

O Sr. Pose sinala que o que se está a aprobar é un mecanismo precisamente para evitar esa arbitrariedade, de feito son as empresas e os profesionais os que deciden inscribirse na base de datos, e cando exista algún contrato consultarlle, e créase para beneficio dos de Vedra, que se se aproba hoxe a moción como tal, e o informe é negativo acábase o problema.

O Sr. Secretario di que se se poden apuntar só os de Vedra está en contra da lei de contratación, e se existe unha empresa de fóra do termo municipal que pide estar nese listado non se lle pode negar; outra cousa é que a Alcaldía decida á que empresas se lles envía invitación.

O Sr. Pose di que a idea é que as empresas de Vedra estean en coñecemento do que vai acontecer, non está dicindo que única e exclusivamente sexa para que as empresas de Vedra, senón que se vai informar ás empresas de Vedra que o concello vai licitar determinados contratos; é dicir, a idea é facer unha base de datos de empresas de Vedra que queiran ser advertidas das licitacións.



O Sr. Secretario sinala que unha cousa é o que se faga na práctica, e outra cousa é o que quede por escrito nunha acta cando se lle solicita informe ao respecto, en que cando se fai unha contratación de procedemento negociado a lei di que hai que consultar polo menos a tres empresas, e a moción di en relación ás empresas de Vedra que “sexan advertidas e consultadas...” co cal incidimos no procedemento de contratación, e que a corporación pode tomar o acordo que considere oportuno, pero que se se lle solicita un informe ten que emitilo.

O Sr. Pose di estar de acordo co Sr. Secretario e propón eliminar do punto 3º da moción conxunta a palabra “consultar” e manter “radicadas en Vedra”.

A Presidencia di que todos os grupos están de acordo no que se quere facer e que o que quede por escrito sexa acorde coa legalidade.

Dona Lucía González di que como listado público calquera pode estar nel, e que como se vai colgar na páxina web, que se poden crear dúas pestanas, unha para empresas radicadas en Vedra e outra para as restantes.

O Sr. Alvela de TEGA expón que se é para simplemente informar das licitacións que habería que cambiar o contido en si da moción e que entende que cando se lle solicita un informe ao Secretario ten que emitilo conforme á lei e cubríndose as costas.

Di tamén que se o BNG insiste tanto en que só é un listado, unha base de datos, fágase sobre isto, e que como dixo a voceira do PSdG-PSOE pódese distinguir con dúas bases de datos, unha para empresas de Vedra e outra para as demais, e que todos están de acordo no fondo da cuestión pero que hai que salvagardar os aspectos legais.

O Sr. Lema di que a idea é favorecer a contratación e avisarlle ás empresas de Vedra de que existen contratos.

O Sr. Secretario di que a infracción en calquera caso cometerase no momento da licitación.

Dona Lucía González di que se reitera coa excepción dese informe para que se incorpore a acta, e que o seu voto vai a ser favorable.

Posta a votación a citada moción conxunta , quedando a súa parte dispositiva do seguinte xeito, apróbase por unanimidade dos asistentes:

1º.- O Pleno do Concello de Vedra insta ao goberno municipal a intentar non realizar ningunha contratación fóra do concello, que poida ser realizada por unha empresa asentada no mesmo.

2º.- Da mesma maneira, cando se trate dun presuposto inferior aos 30.000 euros (é dicir, sen obrigación de concurso público ) solicítase que se garanta que todas as empresas de Vedra que poidan prestar os servizos a contratar sexan advertidas para que o Concello de Vedra se dotará dunha base de datos de profesionais e empresas radicadas en Vedra, con definición de actividades, á que se poderán incorporar aqueles profesionais e empresas que o desexen, para ser informados destes procedementos de contratación. Á elaboración desta base de datos daráselle publicidade no Boletín do Concello así como na súa páxina web.



Así mesmo fomentarase o acordo entre empresas na adxudicación de contratos do Concello.

3º.- A tal fin os Servizos técnicos do concello buscarán os mecanismos adecuados para acadar os anteriores obxectivos adecuándose á lexislación vixente.

4º.- O Alcalde consultará con todos os partidos representados no pleno as medidas deseñadas e que sexan na medida do posible á maior brevidade posible

**6º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG para a retirada de fondos públicos das entidades non sensibles á dación en pago.**

Dáse conta do informe da Comisión Informativa de Asuntos Xerais do día vinte e nove de maio que di o seguinte:

“Dáse conta da moción presentada polo BNG na que se expón que segundo o barómetro de opinión de novembro de 2010 a maioría de cidadáns cren que a banca no estado é máis poderosa que o Goberno, considerándose a nivel internacional escandalosa a situación que ten lugar en España cando unha persoa non pode pagar a súa hipoteca, xa que na maioría dos países tanto na UE-15 como nos EEUU cando unha persoa se atopa nesta situación a lei permítelle devolverlles as chaves ao banco que lle vendeu a hipoteca sen ter que devolver o resto da débeda hipotecaria (chámase dación en pago), e incluso nos EEUU hai un movemento para forzar ao Congreso a fin de que os hipotecados poidan continuar vivindo nas súas vivendas hipotecadas pagando un aluguer menor en cantidade ao do pago mensual da hipoteca, usando como argumento que a banca está a recibir diñeiro público e, como contrapartida esíxeselle que axude ao seu usuario.

No Estado Español a lei exclúe as hipotecas de ser bens suxeitos á protección do que se declara en bancarota, sendo difícil deseñar un sistema que protexa tanto á banca e tan pouco ao cidadán, e aínda con esta protección aconteceron recentemente dous colapsos bancarios: Bankia e NCG.

Polo que ante a situación de desesperación que están a padecer algún dos nosos veciños, tendo en conta que os cartos que o actual goberno do PP recorta en educación e sanidade serán destinados a sanear novamente as contas da banca vía fondo de rescate bancario (FROB) e que a banca é a causante última da actual crise (á que xa financiamos todos coa emisión de débeda do estado), solicita o apoio do pleno para acadar o seguinte acordo:

1º.- O Pleno do Concello de Vedra insta ao goberno municipal a retirar todos os fondos públicos de aquelas entidades bancarias ou caixas de aforros, que non demostren sensibilidade polas dacións en pago.

2º.- Da mesma maneira, solicítase que se depositen, na medida do posible, estes fondos en entidades da Banca Ética.

3º.- Que o pleno asuma como propio o manifesto da ILP sobre da Proposición da lei de regulación da dación en pago, paralización dos desafuzamentos e de aluguer social que se entrega anexo á presente moción, fomentando a recollida de sinaturas polo éxito da iniciativa, mediante o traslado do presente acordo aos veciños a través do boletín e da web do concello, incluíndo nesta de maneira visible un link á web de recollida de sinaturas “on-line”.

4º.- Que a concelleira de infraestruturas e Servizos; Economía, Facenda e Patrimonio; Muller e Igualdade traslade o presente acordo ás sedes centrais e locais dos bancos/caixas, depositarias de fondos públicos do concello.



O Sr. Pose do BNG expón que esta moción é só un gran de area. Coa súa presentación quérese aflorar unha situación que realmente será estudada nas escolas de economía no futuro, xa que como pode acontecer o momento que se está a dar, que unha familia poida terminar sendo unha escrava para toda a vida dun banco por conta dun crédito bancario que previamente se fomentou dende todos os organismos, máxime cando aos bancos se lles está a dar diñeiro para salvarlos da súa creba, diñeiro procedente moitas veces do IRPF das persoas ás que se lle está a sacar a súa vivenda.

Di que non ten problema en eliminar da moción a referencia aos cartos que o PP recorta en educación e sanidade, xa que o importante é que unha iniciativa lexislativa popular (ILP), proceso que está recollido na constitución, que permite levar ao Parlamento do Estado Español, que por outro lado ningún partido político se atreve a presentar, este problema para o seu debate, aínda que logo non saia adiante, que se verá se a Unión Europea non obriga a adecuar a lexislación actual.

Tamén sinala que a función da moción é que se lle dea publicidade a que existe unha ILP, que remata en setembro, e que os veciños que queiran poidan asinala, e que o Concello de Vedra diga que está de acordo coa mesma.

En canto á retirada dos fondos das entidades bancarias ou caixas de aforro di que se isto supón un prexuízo para o concello que tampouco se retiren, pero o banco si ten que ser advertido de que isto pode acontecer, polo tanto está disposto a engadir no punto 1º, “sen prexuízo do concello”.

O Sr. Lema do PP expón que o seu grupo apoiará a moción sempre que se retire da mesma a alusión a que o PP recorta en educación e sanidade, e que se engada no punto 1º “sempre que esta retirada de fondos non supoña un prexuízo para o Concello de Vedra”.

Dona Lucía González do PSdG-PSOE di que é unha mágoa que o defensor da moción acceda a retirar ese punto que fala de recortar en educación e sanidade, xa que reconece que está ben defender os intereses xerais antes dos particulares, pero se o da dación en pago é unha solución para moitas familias estes recortes en educación e sanidade son verdades que estamos a padecer

Manifesta que con todo e as matizacións feitas polo voceiro do PP, o seu grupo vai apoiar a mesma, esperando que a dación en pago sexa a solución para moitas familias que se ven afectadas polas débedas dos bancos e pola pouca honestidade e humanidade respecto da situación económica de tantas familias en Galicia e no resto do Estado Español.

O Sr. Alvela de TEGA expón que é unha pena que o que se aproba aquí no pleno non serva para nada, pero si é de xustiza, máxime neste momento que estamos a vivir, cando sae publicado no xornal que en Galicia no que vai de ano desafiuzáronse 1.400 familias, un 186% máis que o ano pasado, sendo realmente increíble que existan cartos para que os bancos se refloten despois de xestións nefastas e que entre os dous grandes partidos políticos non exista un acordo para que este tema se solucione.

Di que a moción é oportuna e xusta e o seu voto vai a ser a favor.

Posta a votación, o pleno por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a moción que na súa parte dispositiva di:

1º.- O Pleno do Concello de Vedra insta ao goberno municipal a retirar todos os fondos públicos de aquelas entidades bancarias ou caixas de aforros, que non demostren sensibilidade polas dacións en pago, sempre que esta retirada non supoña un prexuízo para o Concello de Vedra.



2º.- Da mesma maneira, solicítase que se depositen, na medida do posible, estes fondos en entidades da Banca Ética.

3º.- Que o pleno asuma como propio o manifesto da ILP sobre da Proposición de lei de regulación da dación en pago, paralización dos desafiuzamentos e de aluguer social que se entrega anexo á presente moción, fomentando a recollida de sinaturas polo éxito da iniciativa, mediante o traslado do presente acordo aos veciños a través do boletín e da web do concello, incluíndo nesta, de maneira visible un link á web de recollida de sinaturas “on-line”.

4º.- Que a concelleira de infraestruturas e Servizos; Economía, Facenda e Patrimonio; Muller e Igualdade traslade o presente acordo ás sedes centrais e locais dos bancos/caixas, depositarias de fondos públicos do concello.

### **7º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG en defensa do ensino público galego.**

Dáse conta da moción presentada polo BNG na que se expón que a comunidade educativa galega a través de diferentes entidades (organizacións sindicais, ANPAS, movementos de renovación pedagóxica, organizacións estudantís, partidos políticos, ...etcétera) constituíu a Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público para manifestar o rexeitamento ao Real Decreto - Lei 14/2012, publicado polo Goberno do Estado, para esixir da Consellaría de Educación que non aplique en Galicia ningún dos recortes contidos no RDL e que o recorra para invadir as competencias que en materia educativa ten a Xunta de Galicia.

Sínálase tamén na citada moción que a educación é un dereito que os gobernantes teñen a obriga de garantir nas mellores condicións posibles, xa que só a través do ensino público se poden minorar as diferenzas sociais e formar as xeracións do futuro nos valores de liberdade, igualdade dos dereitos humanos e da democracia, sen embargo isto non é o que sucede a día de hoxe, xa que o goberno galego veu aplicando sucesivos recortes ao ensino público reducindo en 425 millóns os orzamentos en relación aos de 2009, eliminou a gratuidade dos libros de texto e non cobre as baixas do profesorado inferiores a quince días, mentres manteñen e incrementan as axudas aos centros privados concertados, mesmo cando segregan o alumnado por sexo.

Di tamén que os recortes que se propoñen no RDL van supor incrementar as ratios a 30 alumnos/as en infantil e primaria., 36 en secundaria e 42 en bacharelato, impón unha xornada lectiva semanal mínima para o profesorado de 25 horas en primaria e 20 en secundaria, o que supón que o profesorado teña que impartir materias das que non é especialista, non substituír o profesorado de baixa ata que pasen 15 días, eliminar o requisito de ofertar dúas modalidades de bacharelato, adiar a implantación de ciclos de formación profesional e incrementar as taxas universitarias, atacando con estes recortes gravemente ao ensino público e a súa calidade, por iso solicítase do pleno a adopción do seguinte acordo:

Solicitar do Goberno Galego que actúe como tal e non se someta a decisións que van en contra do ensino galego, que se negue, rotunda e publicamente, a aplicar calquera das medidas contidas no RDL 14/2012 e presente recurso por invasión de competencias.

O Sr. Pose do BNG expón que o mesmo que lle dixo a principio da lexislatura ao actual equipo de goberno de contar co seu voto para sacar adiante o seu programa electoral, cre plenamente ao Sr. Alberto Núñez Feijoo cando di que somos a Comunidade Autónoma con menor déficit, por iso lle solicitamos que as cousas así e tendo as competencias transferidas en educación





que non aplique o RDL do goberno central, xa que se temos competencias hai que usalas e defendelas, doutro xeito mellor que se devolvan.

O Sr.Lema do PP expón que nesta moción non pode estar de acordo, pero de todos os xeitos o seu grupo intentará chegar a un consenso, coa presentación dunha alternativa.

Sinala que estamos ante unha típica moción de partido, e que na exposición de motivos se esaxera cando se di que só a través do ensino público se poden formar as xeracións de futuro nos valores de liberdade, igualdade dos dereitos humanos e da democracia, pois non é o único, e cando se fala da gratuidade dos libros de texto, que si existe realmente para a xente sen recursos, e que o seu grupo non entende a gratuidade para a xente con recursos que si pode pagalos

En canto ás axudas aos centros concertados e privados, mesmo cando segregan o alumnado por sexo, di que nesto si está de acordo, pero non no tema da ensinanza concertada que ten o seu espazo, e de feito o BNG gobernou na Xunta e non fixo nada por cambialo, e ofrece tamén educación de calidade a prezos incluso máis competitivos que o ensino público, tendo en conta tamén a elección dos pais en canto ao sistema de ensino para os seu fillos.

Polo que respecta ao incremento do alumnado por aula, sinala que o Presidente da Xunta xa se comprometeu a non incrementalo, e tendo en conta a situación na que estamos, con problemas orzamentarios, tampouco cree que diminuíse de maneira significativa a calidade do ensino con que houbese uns alumnos máis nalgunhas aulas.

Sinala tamén que cando se fai referencia ao incremento da xornada lectiva dos mestres, a xornada que se propón parécelle bastante razoable tendo en conta a xornada laboral dos demais traballadores, e polo que respecta á eliminación de bacharelatos que nalgúns casos non é razoable ter un bacharelato para dous alumnos, aínda que tampouco se vai aplicar aquí en Galicia esta medida.

En canto ás taxas universitarias di que se está a falar do ensino que non é obrigatorio , tendo unha visión totalmente distinta á do BNG, e aquí en Galicia a situación das contas permite facer un incremento mínimo, e incluso non incrementalas, manifestando que o que realmente lle preocupa é que non se garanta a igualdade de oportunidades, é dicir, que as persoas que non dispoñan de recursos económicos non teñan bolsas para poder estudar, e que non lle parece razoable financiarlle a carreira universitaria a xente con recursos suficientes.

Polo exposto ofrécelle ao BNG chegar a un consenso proponendo dous acordos:

1º.- Solicitar ao goberno galego que no uso das súas competencias evite os recortes en educación.

2º.- Solicitar un maior esforzo do goberno galego nas liñas de axudas para estudar a fin de garantir a igualdade de oportunidades e liñas de crédito a moi baixo interese para estudantes que permitan o financiamento dos estudos non incluídos no ensino obrigatorio.

Remata a súa exposición anunciando o voto en contra do seu grupo a moción do BNG.

O Sr. Pose di que a el tampouco lle gusta o “café para todos”, e por culpa disto unha comunidade autónoma do 36 como a nosa somos iguais a outras, como a Rioxa, sendo tamén certo que por culpa dos propios galegos.

Sinala que con respecto á xornada de traballo dos mestres a metade do seu horario dedícase á docencia e o resto a gardas, formación, etcétera, e que está seguro que o 90% dos mestres dedícanlle máis tempo que as 8 horas/día de calquera traballador.

Sobre das taxas universitarias pon o exemplo de Gran Bretaña, que comezaron a subir coa chegada ao poder de Margaret Thatcher, sendo na actualidade o prezo de matrícula en calquera





universidade de 12.000, 00 euros, converténdose nunha elite, e que non pode aceptar que as bolsas se fagan a través de créditos, pois significa volver 50 anos atrás, cando xa estaba totalmente superado.

Dona Lucía González do PSdG-PSOE expón que formular un sistema universitario que se financie a través de créditos a baixo interese, non deixa de ser unha réplica dun sistema que xa leva tempo implantado nos EEUU, onde estudantes quedan realmente empeñados durante moitos anos para devolver eses créditos, un sistema no que só o que ten capacidade económica vai concorrer ás mellores universidades.

En canto aos argumentos do voceiro do PP á exposición de motivos da moción do BNG, vénlle a cabeza unha cuestión que se dá en lóxica denominada “falacia”, é dicir, argumentos correctos que levan a unha conclusión errada, como por exemplo dicir que un estudante que ten ocio, ou un ordenador portátil que usa tamén para os seus estudos ten que prescindir diso para pagar as taxas universitarias, ou como dixo o Sr. Ministro “a xente dedica os cartos segundo para o que quere parece que non ten interese en dedicalos á educación” ou que o ensino público non é o único capaz de formar en valores, e polo tanto temos que deixalo caer porque existen outras alternativas, porque realmente o ensino público é o que facilita o acceso en igualdade á formación, ningún outro o permite.

Signala que dá por boas as intencións do Presidente da Xunta, que non son máis lexítimas que as doutros sectores que din que o citado RDL impón unha serie de recortes en educación, cando di que non as vai aplicar facendo uso das competencias, pero os sectores educativos din que eses recortes xa se están a implantar.

Tamén recorda que no pleno do 24/10/2011 o seu grupo presentou unha moción en defensa do ensino público galego, e xa e tiveron debates semellantes, co agravante de que agora despois de meses existen novidades sobre dos recortes no sistema educativo, daquela só se referían ao ámbito galego e neste momento tamén afectan ao ámbito estatal. Di que non podemos esquecernos que somos unha comunidade autónoma e un país onde os recursos estratéxicos son realmente limitados e o único investimento é o capital humano, e incidir en incrementar as taxas universitarias, onde aí se forman os profesionais do noso país, é realmente rematar con todo, procedendo de seguido á lectura dun artigo de prensa publicado nun xornal conservador como é Intereconomía “Bruselas advierte que los recortes en educación en España amenazan su crecimiento”.

Por último di que non serve a escusa dos recortes porque a educación ten que ser prioritaria en Galicia e no Estado Español para sacar adiante o país do mellor xeito posible, anunciando o voto a favor do seu grupo á moción do BNG.

O Sr. Alvela de TEGA sinala que sen entrar nos pormenores da moción os acordos que se solicitan parécenlle unha rotundidade, quizais debido ao seu descoñecemento do citado RDL, aínda que algunha cousa boa terá, polo que se absterá na votación, aínda que non significa que non estea a favor da ensinanza pública, aínda que tamén da concertada.

Posta a votación a moción do BNG, rexístranse seis votos a favor do BNG e PSdG-PSOE, seis en contra do PP e unha abstención de TEGA. Procédese a unha segunda votación, rexístrase o mesmo resultado e rexeitase a mesma co voto de calidade da Presidencia.



## **8º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.**

--Á pregunta sobre do balastro di que tivo unha reunión oficial con Adif, co Xerente da Zona Noroeste, don Luís Palacios, responsable das operacións de enxeñería da rede convencional, e comprometeuse a que a empresa adjudicataria retiraría todo do material sen custo algún para o concello, e a día de hoxe xa comezaron a retiralo.

Aproveita para informar que por motivos de incendios están a limpar as marxes da vía, esperando que o fagan ben e incluso na estación de Santa Cruz terminen de limpar.

--En canto ás preguntas sobre dos arranxos, di que xa comezaron , esperando que o tempo permita seguir, que lle solicitaron colaboración a todas as AA.VV para que indiquen cales son os puntos en cada parroquia que cómpre arranxar, rogándolles a todos os membros da corporación que se coñece algún punto que cómpre asfaltar o faga saber.

--Polo que respecta á imposición a don Manuel Barcia Valiñas da Medalla do Concello, di que despois de falar con el quedouse en facer o acto a finais de xuño, de ser posible, que se informará a todos puntualmente, e de non ser posible, a finais de setembro ou a principios de curso.

--En canto ao rogo de dona Lucía González sobre dos vertedoiros, di que a iniciativa Luvas Verdes pretende localizar todos eses vertedoiros e limpalos, e que dende logo é partidario de facer unha campaña de sensibilización importante na cidadanía, porque a petición do Presidente da AA.VV de Santa Cruz de colocar unha papeleira na entrada do Pazo, que si se fará, non serve para todos os puntos porque non hai tantas papeleiras dispoñibles.

--Polo que respecta ao plan de apagado do alumeadado público, di que estase apagando en Trobe, que é a última parroquia, e en total apagáronse cerca de 500 farois, e concretamente na parroquia de Santa Cruz de Ribadulla unhas 70.

Agora o equipo de goberno -di- quere comprobar o efecto de noite, pois ao mellor hai que facer unha revisión, e apagar algunhas e acender outras.

Ás preguntas do BNG a Presidencia contesta:

--Sobre do Consorcio Val do Ulla, di que unha parte moi importante é a Deputación, e neste momentos está en período de exposición pública un modelo de convenio, comprometéndose a facer unha reunión cos voceiros na vindeira semana para estudar o citado modelo de convenio.

--Polo que respecta a Sogama di que agora mesmo é a opción máis rendible como ben dixo o voceiro do BNG, e en principio vaise seguir con esta opción, o que non impide estudar outras opcións.

## **9º.- Rogos e preguntas**

--Dona Lucía González do PSdG-PSOE.

Primeiro.- Tendo en conta que xa vai empezar o mes de xuño e que, por tanto, para cando por fin nos acheguen un borrador dos orzamentos do 2012 xa terán transcorridos polo menos 6 meses do actual exercicio económico; tendo en conta que durante todo este tempo vostedes se están a rexer por uns orzamentos prorrogados, que non deben ser tan malos, por máis que votaran en contra da súa aprobación, cando se permitiron chegar ata aquí sen terlle presentado á oposición ningunha proposta das previsións para este ano:

Cal é o estado de execución do presuposto prorrogado nas súas distintas partidas?



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Rogamos que, acompañando a súa máis que tardía proposta de orzamentos para o ano 2012, nos faga chegar por escrito o detalle do estado de execución o máis actualizado posible.

Segundo.- Na acta da Xunta de Goberno de 24 de maio de 2012, dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e dous de abril pola que se acorda transferir 11.500 euros da aplicación 453-609, infraestrutura xeral, á 432-227, traballos técnicos de turismo.

A que se destinou ou destinará este importe transferido?

Terceiro.- O pasado día 27 de maio tivo lugar en San Xián de Sales unha charla informativa da empresa Intermax de título “Internet en Laraño”, segundo recollían os carteis informativos. Neste mesmo cartel indicábase que a charla se realizaba en colaboración co Concello de Vedra.

-Cales son os acordos de colaboración que estableceron con esta empresa?

-Por que se escolleu esta empresa e non outra para ofrecer servizo de conexión a Internet mediante Wimax en Laraño?

-Vai haber máis charlas desta empresa noutras parroquias?

Se o grupo de goberno ten interese en achegar información aos veciños sobre as distintas posibilidades de conexión a internet, consideramos que tamén debería darlles a coñecer aos veciños e veciñas o Servizo Universal de Banda Ancha, un dereito regulado por lei segundo o cal todos os usuarios poidan obter unha conexión de acceso a internet, un servizo subvencionado de 64 millóns de investimento, dos cales 15 achégaos a Xunta, do que se encarga Telefónica, que gañou o concurso para a súa prestación.

A Presidencia di que non ten coñecemento de nada diso, rogándolle lle faga chegar copia do cartel.

Cuarto.- Rogamos que o concello colabore coa Asociación de Veciños de San Xián de Sales para levar a cabo as obras de enganche do local da Comisión de Festas sito no campo da festa á rede de saneamento.

Quinto.- No DOG do 29 de maio de 2012 publícase a Orde do 18 de maio de 2012 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública dos premios Coopera Galicia Entidades Locais para distinguir as iniciativas de fomento do asociacionismo municipal mediante proxectos piloto de xestión compartida de servizos por parte de agrupacións de concellos, mancomunidade, consorcios locais e áreas metropolitanas da Comunidade Autónoma de Galicia.

-En que estado se atopa o Consorcio Val do Ulla? En que fase está a súa posta en marcha?

-O prazo da anterior convocatoria é de 2 meses. Estará o Consorcio Val do Ulla en condicións de concorrer?

-En caso afirmativo, con que proxecto o faría?

--O Sr. Pose do BNG pregunta:

Primeiro.- Cal é a diferenza entre o asfaltado do PP e o do anterior equipo de goberno?

Segundo.- Nas actas de Xuntas de Goberno aparecen pagos a Casa Cuartel da Garda Civil de Lestedo. Isto é habitual que se faga?, entendo que o posto de Lestedo dá servizo a Boqueixón e Vedra, pero o primeiro que dixo Fernández Díaz é que ía suprimir a cuarta parte dos postos, 1 posto



para cada 40 quilómetros. O Concello está obrigado de algún xeito a facerlle un pago á Garda Civil de Lestedo?. Existe algunha lexislación ao respecto?. Cal foi o destino destes cartos?

Terceiro.- Sobre do Consorcio Val do Ulla hai pouco saíu publicado unha nova no xornal La Voz de Galicia sobre da creación dun novo mecanismo, unha nova estrutura para axudar aos concellos que se prestan servizos entre eles e tiña unha nova denominación que non era consorcio. O concello vai acollerse a esa nova estrutura? E se se acolle non necesariamente habería que volver a votar o acordo en pleno?

Cuarto.- Mirando as facturas do concello aparecen gastos por comida das autoridades na Festa do Viño da Ulla do 2012. Que diferenza existe entre esa comida e a comida de Nadal, na que as autoridades presentes no pleno tivemos que pagar por asistir?

O Sr. Alvela de Tega di que os gastos da comida da Festa do Viño se reduciron considerablemente con respecto a outros anos, e que se trata dunha festa que promove unha zona, un produto, que ten unha repercusión e que hai unhas persoas que asisten que hai que convidar.

O Sr. Pose di que nestes momentos estamos nunha situación excepcional e que tamén antes se pagaba a comida de Nadal e este ano non, e que tamén se está apagar o alumeado, e polo tanto se a situación o require non deberían existir excepcións.

Conclúe ao fío das vinte e tres horas e quince minutos.